




Área / Unidad SERVIZO DE XESTION TRIBUTARIA GT3000E RCG	Documento 36013I01OF	
Código de verificación  5364 5X24 1B3I 655C 0W5E	Expediente	
	Data 29-10-2019	

Asunto: INFORME RELACIONADO CO DICTAMEN DO TEAM RELACIONADO COS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS que se detallan:

Expediente 360/2019/2316: O TEAM advirte que existe unha diferenza entre o texto en galego e castelán publicado no anexo na tarifa 1.3.1 do artigo 6, pois ben trátase dun erro no texto en galego porque se reitera a palabra busca cun sinónimo que é procura. O texto debe quedar como "Por procura ou cotexo de documentos e/ou expedientes finalizados:"

Respecto da observación do número de documentos sen referencia algunha o número de eles, a Ordenanza fiscal regulaba a tarifa, esa imprecisión no número de documentos advertida estaba así na Ordenanza polo que non procedería precisar o número de documentos neste momento.

Expediente 360/2019/2377: Asíumese a renumeración do apartado 6.4 que pasa a ser o 6.3 tras a desaparición do apartado 3 da Ordenanza fiscal nº 4 do ano 2019 por obsoleto.

Respecto a proposta de regular o importe a devolver no caso de caducidade das licenzas o artigo 8 establece que o feito de declararse a caducidade non dará dereito a devolución polo que o servizo de Xestión Tributaria non comparte á necesidade de regular de forma distinta este suposto tal e como está na Ordenanza actual.

Expediente 360/2019/2469: Asíumese a referencia a eliminación de euros (que xa constaba no texto orixinal da ordenanza publicado no BOP 242 do 20.12.2018) respecto da tarifa que se indica no punto primeiro número 2 do artigo 7 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de rede de sumidoiros

Expediente 360/2019/2471: a referencia que fai o TEAM respecto de que debería deducirse do importe a devolver na Ordenanza reguladora da Taxa de cemiterios municipais, condución de cadáveres e outros servizos fúnebres ,os custos de tramitación carece de sentido porque en aplicación do disposto no artigo 6.3.2 da ordenanza fiscal nº 1 reguladora da taxa por tramitación e expedición de documentos xa se indica que se deduce do importe a devolver a taxa que corresponda por tramitación do expediente.

Expte 360/2019/2508: Asíumese a renumeración proposta polo TEAM respecto das tarifas reguladas no artigo 6 da taxa por prestación de servizo de sanidade preventiva, relacionados con animais de compañía e outros servizos de prevención

Expte 360/2019/2483: O TEAM advirte que existe unha diferenza entre o texto en galego e castelán remitido no anexo da ordenanza nº 11 reguladora de la taxa por outorgamento de licenza de primeira ocupación, ao faltar a palabra "o" no texto en castelán, quedando pois da seguinte forma "El carácter obligatorio de esta licencia se deriva de lo establecido en la Ley 8/2012, do 29 de junio de Vivienda de Galicia o legislación que la substituya"



Expte 360/2019/2523. A referencia que fai o TEAM respecto da contradición existente entre o fraccionamento no primeiro paragrafo final do artigo 7 da ordenanza fiscal nº 25 reguladora da taxa por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e soares e das reservas de vías públicas para aparcamento, carga, descarga e outras actividades en interese particular e o paragrafo dous, non se entende por este servizo porque o paragrafo primeiro fai referencia a devindicación da taxa que se produce o primeiro día do ano natural e o paragrafo segundo refírese ao feito de que as cotas poderán prorratearse en caso de baixa no censo da taxa de entrada de vehículos.

Asúmese a reenumeración proposta polo TEAM do texto anexo a publicar

Expte 360/2019/2524. O TEAM indica que non se xustifica a desaparición do apartado 3º do artigo 8 e ese apartado non desaparece, é un erro no anexo remitido porque a texto que se modifica da ordenanza nº 28 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras, tribunas, elementos auxiliares, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, fan referencia aos apartados 4 e 5 do artigo 8 quedando como sigue

ARTÍCULO 8. NORMAS DE GESTIÓN.

- 1.
- 2.
- 3.
4. El período impositivo para las tarifas anuales señaladas en el artículo 6 de esta Ordenanza, coincidirá con el año natural. Tales cuotas son irreducibles, salvo en los casos en que la declaración de alta o baja en la ocupación no coincida con el año natural, en cuyo supuesto las cuotas se calcularán proporcionalmente al número de trimestres naturales que restan para finalizar el año, incluido el del comienzo o finalización del ejercicio de la actividad. Asimismo, la devolución de las cuotas trimestrales a que tenga derecho el sujeto pasivo en los casos de baja en la prestación del servicio, deberá ser solicitada por éste, y se tramitará conforme a las normas que rigen la devolución de ingresos **indebidos.**
5. En la tramitación de la licencia se observarán las prescripciones contenidas en la Ordenanza Municipal de **reguladora de la instalación de terrazas en espacios de uso público o normativa que la substituya.**

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

- 1.
- 2.
- 3.
4. El período impositivo para as tarifas anuais sinaladas no artigo 6 desta Ordenanza, coincidirá co ano natural. Tales cotas son irreducibles, salvo nos casos en que a declaración de alta ou baixa na ocupación non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cotas se calcularán proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o do comezo ou finalización do exercicio da actividade. Así mesmo, a devolución das cotas trimestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa na prestación do servizo, deberá ser solicitada por este, e tramitarase conforme ás normas que rexen a devolución de ingresos **indebidos.**
5. Na tramitación da licenza observaranse as prescricións contidas **na Ordenanza Municipal reguladora da instalación de terrazas en espazos de uso público ou normativa que a substitúa**

A Coruña, na data de sinatura electrónica do documento.

A Xefa de Servizo de xestión tributaria

Rosario Carballo Gómez